

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2026/20	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	15 de maio de 2026
Duración	Dende as 13:30 ata as 13:44 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula M ^a Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	NON

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 08.05.2026****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**Concello de Silleda**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 08 de maio de 2026.

Expediente 370/2021. “REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA DESTINARLA A CASA CONSISTORIAL. Devolución de aval

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

En data 15 de xaneiro de 2026, Rexistro de Entrada n.º 2026-E-RC-135, por COVIASSTEC SL con C.I.F. B32240210 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída para responder o contrato de obras denominado “REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA DESTINARLA A CASA CONSISTORIAL”.

Visto que a cláusula 21 do Prego de cláusulas administrativas establece que: “a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 110 LCSP. Dentro de ditos conceptos se inclúe o incumprimento por parte do contratista da obrigaón de indemnizar os danos e prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, prevista no artigo 196 LCSP.”

Considerando que de conformidade co establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista.

Visto que con data 15 de maio de 2026, polo Arquitecto director de execución da obra Francisco Javier Sancosmed Álvarez remítese informe sobre devolución de garantía, no que conclúe: “*Se me ha solicitado la expedición de un informe sobre el estado de las obras a efectos del artículo 235.3 del Real Decreto Legislativo 3/2011, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector público, para poder devolver o no el aval depositado por el contratista, y a tal efecto,*

INFORMA:

Que las obras ejecutadas se encuentran en estado de conservación aceptable. Por ello, se emite informe FAVORABLE acerca del estado das obras.”

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a devolución do seguinte aval:

- Aval de Banco Santander, S.A., Rexistro Especial de Avals nº 0049 6674 22 2110000659, polo importe de trinta e tres mil seiscientos trinta e seis con sesenta e tres céntimos (33.636,63 €).

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

Expediente 591/2025. MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVENIDA DO PARQUE, SILLEDA. Ampliación prazo de execución

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Vista a solicitude de prórroga, Rexistro de Entrada 2026-E-RE-832, de data 13/05/2026, realizada por Dona Ana Isabel Taboada Ramos, DNI ***492***, en nome e representación de CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU, con CIF B94181807, empresa adxudicataria do contrato de obras “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVENIDA DO PARQUE, SILLEDA” Expediente 591/2025 deste Concello, que recolle o seguinte:

“Expone:

· Que con fecha 27/10/2025 tiene lugar la adjudicación de dicha obra y la firma del contrato el 11/11/2025.

· Que con fecha 17/11/2025 se firma acta de replanteo dando comienzo la ejecución de los trabajos con un plazo de ejecución de SEIS (6) MESES, siendo el final previsto para dicha ejecución el 17/05/2026.

· Que el plan de trabajos establecido para la ejecución del proyecto se ha visto alterado por las condiciones meteorológicas adversas a lo largo de ese período. El retraso en la ejecución de proyectos ha cambiando el programa de trabajos general establecido por la empresa y afectando a la temporalidad en el desarrollo del programa establecido de la obra en su inicio. Así mismo la incidencia de servicios afectados, tanto de infraestructuras eléctricas como de telefonía, plantearon una demora hasta que dichos servicios han sido replanteados en ubicación en el viario afectado del proyecto. Dichos motivos crea la necesidad de replantear el programa de trabajos ajustado a esas adversidades, siendo necesario un aumento de DOS (2) MESES en el plazo de ejecución establecido en su inicio. Todo ello para la correcta y efectiva ejecución del proyecto.

Por lo expuesto Solicita:

La concesión de una ampliación de plazo de DOS (2) MESES para la buena ejecución de los trabajos pendientes trasladando al 17 de JULIO de 2026 el final efectivo de la obra en cuestión.”

Visto que ó mencionado escrito foi remitido en data 14/05/2026, Rexistro de Saida 2026-S-RE-624

e 2026-S-RE-625, o Director da Obra e Coordinadora de Seguridade e Saúde, á entidade CONSULTORIA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L, (Dº Román Gómez Fraiz), para seu informe.

Visto que a Dirección da Obra e Coordinadora de Seguridade e Saúde, Dº Román Gómez Fraiz, en representación de CONSULTORIA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L, con data 15/05/2026, Rexistro de Entrada 2026-E-RE-850, remite informe no que sinala:

*“Ante lo aquí expuesto y la veracidad de los hechos narrados en la solicitud de prórroga emitida por el contratista, y atendiendo a lo dispuesto en la “Cláusula 3. Responsable do contrato e Dirección Facultativa” y en la “Cláusula 44. Execución defectuosa e demora” del Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares y al “Art. 195.2 Resolución por demora y ampliación del plazo de ejecución de los contratos” de la Ley de Contratos del Sector Público, esta Dirección de Obra constata que el retraso NO es producido por motivos imputables al contratista, emitiendo informe **FAVORABLE** ante la solicitud de prórroga, la cual se propone hasta la fecha solicitada, 17 de JULIO de 2026.”*

Por todo iso, en virtude do disposto na Disp. Adic 2ª LCSP, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder á mercantil, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU, con CIF B94181807, como adxudicataria do contrato de obras, unha prórroga de dous (2) meses (ata o día 17 de xullo de 2026) na execución do contrato “ MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVENIDA DO PARQUE, SILLEDA Expediente 591/2025 deste Concello por continxencias externas non imputables ou alleas á vontade do contratista que causaron a demora na terminación das obras no prazo previsto.

SEGUNDO.- Notificar á citada mercantil a concesión da presente prórroga.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Silleda